

## PRIMITIVOS FLAMENGOS

### OBRA: RETRATO DO MATRIMONIO ARNOLFINI

#### AUTOR: JAN VAN EYCK

CRONOLOXÍA: 1434

ESTILO: Gótico flamengo (Primitivos flamengos)

TÉCNICA: Óleo (sobre taboa)

LOCALIZACIÓN: National Gallery

FORMATO: 0,84 m x 0,57 m (pequeno)



#### ANÁLISE FORMAL

A **técnica** utilizada é o óleo sobre taboa. Os irmáns van Eyck perfeccionaron a técnica do óleo, que permite precisión e minuciosidade e usar pincéis de pequeno tamaño. Esta minuciosidade pódese observar nos pelos do can o una lámpada. Ademais, o óleo dá ao cadro corido, brillo e luz, permitindo aumentar os matices mediante sucesivas capas ou veladuras.

A **composición** é pechada e simétrica, dispoñéndose a un lado e outro as dúas figuras do cadro. Dominan os elementos verticais dos esposos que se amosan algo hieráticos, compensados coas diagonais da parede e xanela e o círculo do espello. A composición xunto coa luz suave crean un ritmo de serenidade.

A importancia do **debuxo** é tal que separa os elementos do cadro e as cores e define con minuciosidade o contido do cadro. Na gama das **cores** obsérvanse os fríos (verde, azul) na muller e cálidos do home, con vermellos do banco, cama e dosel. No lado dereito a presenza de cores complementarias, o verde e o vermello póñense ao servizo de resaltar tanto a figura feminina como a cama. Mediante a gradación tonal créase efecto de volumen e luz.

Existen dous focos de **luz**, un deles moi claro é a xanela que ilumina o fondo, o espello e a lámpada creando sensación de profundidade; o outro foco situaríase fóra do cadro (aínda que estaría representado no espello) e é unha xanela cuxa tenue luz dá de cheo na muller e crea claroscuro na cara de Arnolfini.

A ilusión ou efecto de **espazo** créase: coa perspectiva (pavimento, alféizar da xanela, teito) con varios puntos de fuga; mediante o efecto de luz brillante ou matizada que se desprende dos obxectos, consecuencia da técnica ao óleo; e a utilización do espello que crea ilusión de profundidade (influencia en Velázquez). Neste mesmo espello aparece a imaxe do pintor, que xunto coa sinatura do cadro son exemplos da importancia social que vai adquirindo o artista.

O cadro está cheo de detalles e minuciosidade, como as calidades dos obxectos e as formas: o metal da lámpada, madeiras de mobles, texturas na vestimenta, pelos do can...

As **expresións** e actitudes dos esposos parecen serias e inexpresivas, especialmente a de Arnolfini.

## DESCRINCIÓN ICONOGRÁFICA

Este cadro é unha escena costumbrista ou de xénero, na que se representa o momento do matrimonio, como un certificado conxugal en formato visual (segundo Panofsky). Trátase dun dobre retrato de corpo enteiro de Giovanni Arnolfini (comerciante italiano residente en Bruxas) e a súa muller Giovanna Cenami (filla doutro mercader da mesma orixe). Ámbolos dous contraentes aparecen no centro; a man de Arnolfini sostén a da súa muller, sendo as mans o eixe de simetría e o punto de tensión. A escena ten lugar no interior dunha vivenda burguesa representada con detalle: solo de madeira, unha xanela que se abre á esquerda, un can aos pés da parella, os zocos de madeira del, os zapatos vermellos dela, as froitas colocadas baixo unha repisa debaixo da xanela, o dosel da cama, e no centro da composición unha lámpada que colga do teito cunha soa vela acesa e, na parede do fondo, un espello no que se reflicte todo o contido da habitación, á súa esquerda colgan uns rosarios e, sobre o marco, atopamos unha inscrición en latín, co seguinte texto: "Johanes de Eyck fuit hic, 1434", que afirma a presenza do pintor na cerimonia.

Arnolfini está serio e ben vestido, en cor escura con capa e amplo sombreiro. A súa muller, Giovanna, vestida en cor verde viva, con velo branco. O seu abultado ventre leva a pensar que se atopa embarazada, o que é pouco probable porque a parella non tivo descendencia. Por conseguinte, sostense que tal avultamento pódese deber á forma da moda da época. Case todas as damas retratadas por Van Eyck ou Van der Weyden visten así.

O espello circular amosa a escena da habitación desde unha perspectiva inversa. Pódese ver a parte traseira da parella, así como outras dúas persoas, as testemuñas da cerimonia. O espello contendría deste xeito o elemento esencial para entender correctamente a escena: hai un enlace matrimonial en presenza de testemuñas, un dos cales podería ser o propio pintor.

## CONTEXTO, FUNCIÓN E SIGNIFICADO

Giovanni Arnolfini foi un rico mercader. Algúns dos obxectos que figuran no cadro aluden á riqueza do mercader: vestiario, mobiliario, alfombra, decoración da estancia, presenza de laranxas xunto á xanela, o que, dada a súa procedencia do sur de Europa, pode considerarse un luxo en Flandes.

O contexto no que se desenvolve a pintura dos artistas denominados "primitivos flamengos", dos cales van Eyck é un exemplo, é o dunha burguesía consolidada, á que lle gusta a decoración dos interiores mediante tapices, cadros... A Arte Gótica, tipicamente burguesa e cidadá, supón o final do feudalismo e a renovación do mundo urbano e do mundo do comercio e os obradoiros artesanais. Durante a Baixa Idade Media, algunhas cidades dos Países Baixos transformáronse en prósperos centros comerciais e industriais, e en consecuencia, á tradicional clientela de obras de arte engadíuselle unha adiñeirada burguesía, que rematou por impoñer os seus gustos e preferencias. A partir do S.XV, Flandres convértese nun dos principais centros pictóricos europeos, que exerce unha importante influencia no resto de Europa. A finais do S.XIV, Flandres queda unificada baixo dominio dos duques de Borgoña, que aportan o luxo, refinamento e cerimonial da Corte a estes territorios. Desenvólvese este estilo nun momento de auxe económico, polo que é unha arte que reflicte o modo de vida tanto da rica aristocracia como da burguesía. Os pintores flamengos recibían encargos de retratos e trípticos relixiosos destinados aos oratorios e casas particulares dos burgueses, o que explica o pequeno tamaño dos cadros.

Os gustos da burguesía pola representación da realidade transmítese á pintura flamenga, de ahí a importancia de xéneros como o retrato ou a paisaxe, así como a minuciosidade e o gusto polos detalles.

Significado. O cadro ven a ser un certificado de matrimonio. Naquela época non se necesitaba a presenza do sacerdote (será a partir do Concilio de Trento), e só testemuñas actuaban como notarios do feito. Todo o cadro está cheo de símbolos relacionados co matrimonio: os contraentes xuntan as súas mans e o noivo levanta o brazo para realizar o voto nupcial; o feito de ir descalzos (os zocos están en primeiro plano ou xunto á cama) fai referencia ao carácter sagrado da cerimonia; a vela acesa da lámpada simboliza tamén o carácter sagrado da cerimonia, simbolizando a luz a presenza de Cristo; as cores, verde alude á fertilidade, e vermello á paixón; o can é a fidelidade; a talla que está na borla sobre o cabeceiro da cama podería ser Santa Margarida, patroa dos partos, ou Santa Marta, patroa do fogar; detrás das mans da parella aparece unha gárgola, algo do que a parella se protexe mediante o matrimonio; o espello sen mancha, en cuxo marco represéntanse dez estacións do Via Crucis, e o rosario que colga ao lado sería a pureza da Virxe; as froitas da “árbore do Ben e do Mal”, a árbore prohibida da que comeron Adán e Eva, sitúanse enriba da mesa e representan o pecado orixinal que será redimido no matrimonio.

Desde o punto de vista estilístico, o matrimonio Arnolfini posúe gran parte dos elementos propios da escola flamenga do S.XV. Os pintores flamengos caracterízanse polo gusto pola suntuosidade e as ricas cores, o gran interese por representar a realidade, o emprego exclusivo da táboa tanto en obras relixiosas (Trípticos e Polípticos) como en retratos, a gran calidade na execución, tanto nas representacións dos rostros como en calquera obxecto representado, xa que o artista flamengo sinte interese por todo, desde un obxecto ata un rasgo humano. Así, nas figuras dos Arnolfini atopamos o gusto polas longas roupas que se deixan caer, producindo múltiples curvas e contracurvas. Tamén atopamos outra das notas características dos primitivos flamengos: o gusto pola minuciosidade e os pequenos detalles, con tendencia ao naturalismo e que é froito do traballo realizado por estes artistas nos códices dos seus señores borgoñóns. Isto obsérvase na factura do can que acompaña aos esposos ou no xeito de resolver o espello e as figuras que nel se ven. O ambiente que se recrea é o típico da pintura flamenga da época, que gusta de interpretar a vida diaria en toda a súa dimensión relixiosa, case mística, simbólica, todo acentuado polo xogo de luces que aporta un clima moi intimista. Perfecciónase a técnica de pintura ao óleo, o que permite unha minuciosidade que antes era imposible de conseguir polo seu secado máis lento, ademais da posibilidade de retocar, e tamén permite o emprego de veladuras (disposición de capas de pintura que transparentan as anteriores), que fai posible unha maior brillantez cromática, mellores matices e texturas, e efectos de profundidade.